

Por resolución da Xerencia de 10 de maio de 2022 publicáronse as bases da convocatoria para elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional **técnico/a superior de linguas modernas, perfil galego-portugués**, grupo I, para cubrir temporalmente postos definidos na Relación de postos traballo de persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e de acordo coa bases 3 e 5 da convocatoria,

RESOLVO:

1. Aprobar e facer pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se indican no anexo.

Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión da devandita listaxe, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución

Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/125/ver.htm> para o que o/a aspirante debe empregar os medios de identificación e sinatura que se indican no apartado 2.2. da convocatoria.

2. Nomear o Tribunal encargado de avaliar ese proceso, coa composición que se indica a seguir:

- Presidenta: María Álvarez de la Granja, profesora titular do Departamento de Filoloxía Galega
- Vogal: José Antonio Souto Cabo, profesor titular do Departamento de Filoloxía Galega
- Vogal: Isabel Vaquero Quintela, persoal laboral fixo do grupo I da USC
- Vogal: Martín Cacheiro Martínez, persoal laboral fixo do grupo I da USC
- Secretario: José Delfín Pérez González, funcionario de carreira da escala de xestión da USC, que actuará con voz e voto.

O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/06/2022 13:51:10.

CSV: 083F-7EC2-44A1-931D